



Rede CIGUS

Centros de investigación do
Sistema Universitario de Galicia

DIRECTRICES DE USO DA MARCA CIGUS

Maio 2025



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



Índice

- 1 ¿Que contén este documento?
- 2 Introducción á Rede CIGUS
- 3 Elementos básicos de identidade
- 4 WEB e RRSS: identificación dos centros CIGUS
- 5 Notas de prensa: identificación dos centros CIGUS
- 6 Outros usos: identificación dos centros CIGUS
- 7 Contacto



1

¿Que contén este documento?



1. ¿Que contén este documento?

Este documento recolle una serie de pautas básicas para unificar o uso da [marca CIGUS](#).

Foi elaborado pensando nas necesidades de todas aquelas [persoas que teñan que interpretar, articular, comunicar e aplicar este identificador](#) e, en particular, dos [responsables e membros dos centros CIGUS](#) que han de implementalo nas súas diferentes canles de comunicación.

Aplicar correctamente estas pautas contribuirá a facilitar a consecución dos [obxectivos de identificación e posicionamento da marca](#).

O [traballo de equipo](#) e a colaboración de todos será fundamental para facer de CIGUS unha marca recoñecible e recoñecida.

Estas directrices poderán complementarse e/ou actualizarse para atender os requirimentos de comunicación que esixe o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), repercutindo nas actividades de difusión e publicidade que realicen os Centros CIGUS.



2

Introducción á Rede CIGUS



2. Introducción á Rede CIGUS

A Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS) é unha superestrutura promovida pola Xunta de Galicia [para fortalecer e potenciar a investigación de excelencia no ámbito universitario e actuar como motor de progreso da rexión](#). Está integrada por centros de investigación que contan co selo identificativo CIGUS, un recoñecemento que avala a calidade e o impacto da súa investigación.

A Rede CIGUS transforma a potencia individual dos centros de investigación punteiros do sistema nunha [gran forza colectiva](#) mediante a posta en marcha de accións estratéxicas e coordinadas que contribúen a consolidar a súa [excelencia](#), incrementar o seu [impacto social](#) e situar ao sistema de investigación universitario galego como referente científico no panorama nacional e internacional.

Baixo o identificativo CIGUS, que representa un modelo único en España, vertébrase e visibilízase a investigación universitaria de excelencia desenvolvida no territorio e concrétese unha firme aposta polo [crecemento económico, o benestar social e o desenvolvemento futuro de Galicia](#).

Na actualidade son [10 os centros](#) das tres universidades galegas (Universidade da Coruña - UDC, Universidade de Santiago de Compostela – USC e Universidade de Vigo - UVIGO) que contan con este distintivo: [CICA, CITIC](#) (UDC); [CIQUS, CIMUS, CiTIUS, CRETUS e IGFAE](#) (USC); e [ATLANTTIC, CIM e CINBIO](#) (UVIGO).



3

Elementos básicos de identidade

3. Elementos básicos de identidade

Declinación en corporativo con identificador mínimo

A aplicación da identidade corporativa da Rede CIGUS basearase nos criterios gráficos xerais establecidos para a representación institucional dos órganos superiores e de dirección da Xunta.

- O **separador** utilizarase como un elemento máis da identidade.
- A tipografía empregada será a **Xunta Sans Bold** (acrónimo) e **Xunta Sans Regular** (desenvolvemento)
- Empregaranse na súa versión principal, é dicir, **en positivo** (a color) sempre que sexa posible. Cando o grao de saturación sexa similar optarase por versións en **negativo**.
- O **tamaño mínimo** do logo, no que respecta á súa altura, debe ser de 7 mm ou 20 px.
- Debe manterse un espazo libre arredor do logo. Esta **área de protección** determínaa a altura do escudo.

► Versións de la marca.



► Área de protección.



3. Elementos básicos de identidade

Logos que deben acompañar ao da Rede CIGUS:

Atendendo á pauta que establece a orde deberíase empregar sempre un logo da [Xunta](#) e os logos da [Unión Europea](#) e o programa de financiamento de [Fondos Europeos](#).

No caso dos centros CIGUS, o logo da Xunta é substituíble polo logo da Rede CIGUS ao tratarse dun logo Xunta declinado, é dicir que contén o escudo da Xunta.

Polo tanto, [o criterio de uso e colocación dos logos en toda a actividade dos centros relacionada coa marca CIGUS](#), así como nas canles e materiais de comunicación, é o seguinte:



[Descarga os logos aquí](#)



3. Elementos básicos de identidade

Cores

Cor principal (azul)

CMYK 100 35 0 0
RGB 0 123 196
#007bc4
Pantone 7461 C
RAL 5015

Combinacións de cor principais permitidas

Textos en branco sobre azul corporativo

Textos en azul corporativo sobre branco

Para cumprir os estándares de accesibilidade visual,
unicamente permite o uso de branco ou negro sobre a cor azul corporativa.

Principalmente, empregarase a combinación de azul e branco. De non ser posible
poderá empregarse o negro.

3. Elementos básicos de identidade

Cores

Combinacións de cor secundarias permitidas

CMYK 100 80 45 45 | RGB 0 43 74 | #002b4a | Pantone 7463C | RAL 5011

50% Pantone 7461C

25% Pantone 7461C

10% Pantone 7461C

Branco | CMYK 0 0 0 0 | RGB 255 255 255 | #ffffff | RAL 9003

Combinacións de cor secundarias permitidas

Textos en negro sobre azul corporativo

Textos en negro sobre branco



3. Elementos básicos de identidade

Tipografía

Xunta Sans

Unha solución técnica onde a prioridade é a visibilidade e a lexibilidade; pero recollendo certos xestos simbólicos que lle atribúen identidade e recoñecemento.

[Descarga a fonte aquí](#)

Xunta Sans

Regular

Xunta Sans

Italic

Xunta Sans

Bold

Xunta Sans

Bold italic

A B C D E F G H I J K L M N Ñ
O P Q R S T U V W X Y Z
a b c d e f g h i j k l m n ñ
o p q r s t u v w x y z
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 ¡ ! ¿ ?



3. Elementos básicos de identidade

Fondos fotográficos



► Exemplo fondo
branco

Branco

O brillo do fondo debe garantir un contraste adecuado que asegure a perfecta lexibilidade do logo na súa versión de cor.



► Exemplo fondo
de cor

De cor

Deberá aplicarse a versión da marca gráfica principal en negativo.




3. Elementos básicos de identidade

FOLLETOS CORPORATIVOS

Existen folletos informativos en diferentes idiomas ao dispor dos centros para dar a coñecer e promocionar á Rede CIGUS. Poden descargarse co resto dos recursos de identidade de marca.

[Descarga os folletos aquí](#)





4

Web e RRSS:
identificación dos
centros CIGUS



4. Web: identificación dos centros

Web dos centros

Pé de web

Para visibilizar a pertenza do centro á Rede CIGUS incluírase na parte baixa da web do centro o logo identificativo de CIGUS, segundo as seguintes directrices:

- Deberá incluírse a versión principal ou unha versión secundaria do logo.
- O logo incluírá unha ligazón á páxina web oficial da Rede.
- O logo irá acompañado polos logos da Unión Europea e Fondos Europeos.

No que respecta á colocación destes, recoméndase presentar, ao final da fileira e por esta orde, os logos de “Rede CIGUS”, “Cofinanciado pola Unión Europea” e “Fondos Europeos”.

Apartado descriptivo del centro

No apartado no que se describa o centro e os seus obxectivos incluírase o seguinte texto de forma destacada:

“O [nome do centro] conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación”

4. RRSS: identificación de los centros

Redes sociais dos centros CIGUS

Descrición en redes sociais:

Os centros indicarán a súa pertenza á Rede CIGUS na descrición de todas as redes sociais nas que teñan presenza.

Esta incorporación pode realizarse do seguinte modo:

- Versión curta: [#RedeCIGUS](#)
- Versión longa: [O \[nome do centro\] conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación.](#)

Compartición de contidos en redes sociais

Para a difusión de contidos en redes sociais relacionados coa Rede CIGUS recoméndase o uso dos seguintes hashtags:

[#RedeCIGUS](#) para facer referencia directa á Rede CIGUS.

[#FondosEuropeos](#) para facer referencia ao programa de financiamento.



5

Notas de prensa:
identificación dos
centros



5. Notas de prensa: identificación de los centros

Os centros que contan co recoñecemento CIGUS deben identificarse como tal nas comunicacións que realicen.

Neste sentido, a pertenza á Rede debe figurar no primeiro [parágrafo da comunicación de prensa](#).

Tamén se deberá incluír a referencia ao [distintivo CIGUS no boiler plate das notas de prensa](#) enviadas polos centros, indicando que o centro conta co selo CIGUS cun texto deste tipo:

“O centro conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación.”

Sempre que sexa posible deber [incluír no pé da nota o logo da Rede CIGUS, así como os logos cos que convive](#) (Unión Europea e Fondos Europeos).



Centro Singular de Investigación
en Química Biolóxica e
Materiais Moleculares

O CiQUS á vangarda da investigación de novas técnicas de inmunoterapia contra o cancro da man da industria

Santiago, 23 de marzo.- O Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da Universidade de Santiago, [que forma parte da Rede CIGUS que integra a aqueles centros cuxa calidade e impacto de investigación foi acreditada pola Xunta de Galicia](#), continúa traballando activamente na investigación de novas estratexias de inmunoterapia contra o cancro. Faino da man de empresas da industria farmacéutica e biotecnoloxía, a través dunha ampla gama de proxectos en colaboración con distintas empresas do sector. Unha destas alianzas é a que mantén desde 2020 coa Agrupación Industrial Tecnolóxico-Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga). O obxectivo deste acordo de colaboración é conectar o talento investigador co tecido empresarial para desenvolver novos produtos e servizos e xerar novos postos de traballo cualificados.

Na última convocatoria de axudas para a colaboración público-privada da Axencia Estatal de Investigación (AEI), destinada a apoiar proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas e organismos investigadores, o CiQUS obtivo financiamento para seguir avanzando nos seus proxectos de colaboración coas entidades privadas.

Un deles é o proxecto CAPN-IO, liderado por Eddy Sotelo, investigador do CiQUS, coa participación de varios equipos internacionais. [...]

Sobre CiQUS

O CiQUS centra os seus obxectivos científicos na aplicación de estratexias transdisciplinares para a resolución de problemas cientificamente relevantes no ámbito da química biolóxica e no desenvolvemento de novos materiais funcionais. [O centro conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación.](#)

► Exemplo
comunicación





6

Outros usos:
identificación dos
centros



6. Outros usos: identificación dos centros

- **Modelo de presentacións:** incluír a restra de logos na portada e na contraportada.

citic

Centro de Investigación en
Tecnologías de la Información
y las Comunicaciones




► Exemplo de integración dos logos
nunha portada de presentación dun dos
centros CIGUS (CITIC)



6. Outros usos: identificación dos centros

- **Contido audiovisual:** ao finalizar as pezas audiovisuais, debe incluírse o peche institucional da Xunta de Galicia. Ademais, recoméndase engadir unha sobre impresión previa ao peche, que conteña o logotipo da Rede CIGUS e o resto de logos (Cofinanciado e Fondos Europeos).




► Exemplo de sobreimpresión
previa ao peche.



► Exemplo de peche.

6. Outros usos: identificación dos centros

- **Materiais para impresión:** incluía restras de logos na portada e/ou contraportada dos materiais, segundo corresponda.



► Exemplo portada documento



► Exemplo detalle de colocación documento



6. Outros usos: identificación dos centros

- **Firma do correo electrónico:** incluír o identificativo CIGUS na firma do correo electrónico (tanto dos investigadores como doutro persoal do centro) seguindo a seguinte orde:

Logo Centro de
Investigación

Logo da Universidade

Logo
CIGUS

Nome Apellido1 Apellido2
Cargo
Número de teléfono | Mail | Web
Centro de Investigación | Universidade



Red CIGUS
Centros de investigación del
Sistema Universitario de Galicia

► Exemplo de firma



7



Contacto



7. Contacto

promocioncientifica.educacion@xunta.gal

info@cigus.gal



Rede CIGUS

Centros de investigación do
Sistema Universitario de Galicia



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

